

P. Vostede foi moi crítico coa comparecencia do Alcalde en Telesalnés.

R. Cando tivo que ir a debater por Catoira non deu a cara, e agora que ve as cousas mal, presentase dicindo que está ansioso por ser "transparente" e informar ós cidadáns de Catoira do que pasa no Concello, e para empezar a poñelos ó día ofreceu un recital de mentiras tendentes a confundir ós veciños, unha nova música coa letra de sempre: "a culpa é do Bloque".

P. Pero algunha faceta positiva lle verá a Alberto García como alcalde do noso pobo...

R. Como vimos do Nadal serei xeneroso e quédome coa súa faceta viaxeira. Nos últimos seis meses, se non me falla a memoria, estivo en Madeira, Dinamarca, Madrid, Euskadi, e nestes días ven de Arxentina, por certo, cando en Catoira se está a vivir unha situación preocupante para os veciños como é o peche da Ponte.

P. Finalmente, ¿Que perspectivas ten o BNG de cara ó 2004?

R. Imos seguir loitando por conseguir un funcionamento do Concello máis transparente e democrático, se é posible que todos acaden un traballo digno, e que se depende do Concello, que todas e todos teñan as mesmas oportunidades para acceder a el, xa que isto é fundamental, o mesmo que o acceso á cultura e o bienestar social.

¡Bo ano para todas e todos!.



www.bng-galiza.org/osalnes

E-mail: salnes@bng-galiza.org

Local Comarcal: R/ A Baldosa, 25 - 2º D • Vilagarcía de Arousa

Tel./Fax.: 986 56 50 59



Voceiro do
BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

Xaneiro 2004

Impreso postal sen enderezo

BE-NE-GA
Catoira

BNG, medio ano de traballo no Concello

Entrevista co voceiro Pepe Castaño Dios



P. ¿Como valoraría este tempo na corporación?

R. Moi positivo se temos en conta os enormes atrancos con que nos atopamos: concelleiros novos fronte a un goberno veterano e un Alcalde que tentou poñernos todas as trabes que puido. Ademais, pese a ser oposición en maioría, pronto perdemos esta ó pasar os representantes do PP a apoiar indiscriminadamente ó goberno.

P. ¿En que temas se apreciou este apoio?

R. En primeiro lugar regalándolle a maioría absoluta na composición da Comisión Especial de Contas. Resulta incomprendible como un grupo municipal renuncia a ter maioría nun órgano tan importante. Podía haber respaldado ó Alcalde igual, en apoios puntuais, pero mantendo a súa neutralidade. Iste debe ser un caso único en todo o estado español. Con esa decisión privaron ós veciños e veciñas de Catoira dunha maioría que eles nos deron nas urnas, deixando ó Alcalde coas mans libres para facer e desfacer nas contas ó seu antoxo. Outro aspecto no que se apreciou esta vendeta foi no campo de fútbol.

P. ¿Que sucedeu co campo?

R. O Alcalde viña enganando día tras día á Directiva do Club Catoira, e con elo a todos os cidadáns, dicíndolles que as obras comezarían en cuestión de días. Todo era un farsa, como quedou demostrado o seren finalmente os actuais concelleiros do PP os que acadaron os cartos necesarios na Deputación para poder facer a obra. Así pois, o señor García estaba mentíndolle a todos, só co ánimo de "sobrevivir" nas eleccións de Maio.

P. ¿Enganou o Alcalde ós cidadáns en máis temas?

R. En moitos, pero sinalarei un pola súa transcendencia: o Parque Empresarial. Mentres ós veciños de Abalo lles prometía que se ía construír alí, ó mesmo tempo enganaba ós de Dimo afirmando que se iniciaban trámites para leválo a esta parroquia. Máis de 300 veciños de Dimo votaron a García seducidos por esta promesa-trampa. No programa electoral do PSOE, na páxina 4, pode todo o mundo ler o seguinte: "Poñer en marcha o Polígono Industrial que xa está en fase de contratación, favorecendo o desenvolvemento endóxico do Concello, así como o estudo do terreo industrial programado na parroquia de Dimo."

P. O Alcalde afirmaba recentemente na prensa que no BNG non mandan os concellais.

R. Comprendo perfectamente que ó señor García non lle agrade que no BNG se xunte un bo grupo de persoas, que debatan abertamente os temas, e que unha vez oídos os prós e os contras dos mesmos, os concellais tomen decisións responsables. Ningún dictador estará nunca a favor deste sistema democrático. Os educadores así llo ensinamos ós nosos alumnos e alumnas, pero eu debo respetar todas as formas de pensar, incluída a do señor Alcalde de Catoira. ¿Quere saber unha cousa máis sobre isto?

P. Conte, conte...

R. Nun tema tan importante para o Concello e para Catoira como son os orzamentos municipais, os concellais do PSOE tres minutos antes de comenzo o Pleno que debatería a súa aprobación ou rexeite, non coñecían o texto reformado do mesmo, como recoñeceu o Alcalde diante de dous concelleiros do BNG e un do PP. ¿Ve vostede o "importante" que é "mandar" e ter a Super-García no equipo?

P. Non pode ser posible.

R. É posible isto e moitas cousas máis, como que o goberno non teña tomada ningunha previsión sobre o peche da Ponte sobre o Ulla, nen siquiera dado algún tipo de información a tantos e tantas hosteleiros e comerciantes que con esta medida ven en perigo os seus medios de vida, nin que se lle ofrecera algún tipo de axuda e colaboración ós máis de cen deportistas da Escola de Fútbol, que día tras día se teñen que apañar para mendigar un campo de xogo para disputar os partidos, nin unha simple xestión con outros concellos nin ningunha facilidade no uso do Pavillón, nin nada de nada para paliar en parte a lamentable organización de construír esta instalación deportiva en plena época de competición...

P. Nembargantes el chamoulles a vostedes "ignorantes".

R. Isto é moi preocupante vindo dunha persoa tan educada, culta e preparada... Por se acaso eu vou seguir lendo e formándome o mellor posible, pero tamén respeto e comprendo que outros non o necesiten e se dediquen no tempo libre exclusivamente á gastronomía e a participar en catas, que, sen excesos, tamén é cultura, claro.

P. Falemos dos presupostos do 2004, ¿por que o BNG vota en contra?

R. Xa neste Boletín explicamos a postura do noso grupo, e como se pode ver, as razóns son múltiples, pero a máis grave é a falta de capacidade de inversión en infraestruturas básicas. Por poñer un exemplo diría que en Catoira levamos moitos anos sen que se faga nin un só metro de aceras.

P. ¿Cal é a preocupación máis grande que ten Pepe Castaño Dios desde a súa chegada ó Concello?

R. Sen dúbida que desde o noso grupo do BNG non apreciamos nos membros do goberno, e inclúo o PP, ningún tipo de preocupación por preservar a nosa máis grande riqueza como é o entorno das Torres e todo o cauce do Río Ulla. Estanse a agredir continuamente e isto non ten visos de acabar, nin siquiera coa chegada do Parque Empresarial, o caso é botarlle a culpa a "Costas" e quedar de brazos cruzados.

P. Falando do PP, ¿Como vé vostede a súa actuación?

R. Aínda que nos afecta, a quen terán que dar conta da súa xestión é ós seus electores.

P. ¿Participa vostede da opinión xeneralizada de certo complot entre representantes dos grupos municipais de PSOE e PP, mesmo a nivel de intereses persoais?

R. Pode ter a seguridade que se se demostrase un asunto desa calibre estaríamos na obriga de denuncialo, e tan culpable sería o que ofrece coma o que recibe. É certo que antes das eleccións algún grupo falaba de "cambalache" e cousas así, o que eu penso é que si hai un compadreo un tanto fóra de lugar, e a nivel político decisións conxuntas moi difíciles de explicar.

P. Pois explíquese vostede.

R. Sería moi longo; pero mire un par de exemplos: había que votar o estatuto da mancomunidade de augas, importante para Catoira, elexir dous representantes na mesma, e o PP di que só votará favorablemente se un dos representantes é o seu, senón que votarán en contra sen importar que sexa bo para Catoira, o BNG opina que votará favorablemente ese estatuto por ser importante para Catoira, independentemente de que non salga elexido o seu representante, pero que debería ter un posto por ser a segunda forza máis votada. ¿Sabe vostede a quen apoiou o señor García? Ó PP. O segundo caso é aínda máis rocambolesco: nas conversas previas á elaboración dos orzamentos o PP propón que se incremente a dotación de dietas por asistencia ás comisións informativas co fin de igualalas cas comisións de goberno. Diante da indiferencia do BNG por este tema, o PSOE di que está de acordo e acéptase o punto. Chegada a hora da votación dos orzamentos o PP di que votará a favor dos mesmos sempre que non se contemple ningunha subida nas dietas... O máis divertido do asunto é que o PSOE di que está dacordo...